

Teatro

Quico Cadaval e Maricastaña pecharán a Miteu deste ano

Días 8 e 9 • 20.30 e 20.00 horas • Liceo e Principal • 5 e 3 euros • A Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense, Miteu, está na súa recta final e a edición 2024 despedirase esta semana con dúas propostas: unha sesión de monólogo e a representación do grupo Maricastaña —xunto coa gala de clausura do certame—.

Para o mércores a Miteu contará cunha das referencias inexcusables da escena teatral galega das últimas décadas. O actor e dramaturgo Quico Cadaval estará no Liceo co seu espectáculo «30 anos a contar estórias. Notas de rodapé». Xa van

alá tres décadas dende que Cadaval se subiu a un palco teatral para facer o mesmo que adoitaba na casa logo de xantar: contar historias que ían mudando en cada nova sesión. Nunha montaxe de noventa minutos de duración tentará «evocar esa carreira, descubrir o sentido dos contos e responder ás preguntas do público sobre ese itinerario vital e artístico».

O día 9 a aula de teatro Maricastaña, do Campus de Ourense, representará «Desequilibrios», de Fernando Dacosta, e celebrarase a gala de clausura. O premio da Miteu deste ano será para o Cineclub Padre Feijoo.



Quico Cadaval na gala dos María Casares. **MONCHO FUENTES**